

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGY11LY	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 20-10-14 10:26

Número 10 .- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa á declaración deserta da licitación do contrato deseño e subministro de mobiliario urbano para o ámbito do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da cidade histórica de Santiago de Compostela (PE-1).

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 17 de outubro de 2014 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 10 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE CULTURA E PATRIMONIO RELATIVA Á DECLARACIÓN DESERTA DA LICITACIÓN DO CONTRATO DESEÑO E SUBMINISTRO DE MOBILIARIO URBANO PARA O ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (PE-1) .**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe-proposta, de data 6 de outubro de 2014, do xefe do servizo da OCHIR, conformado coa mesma data pola Concelleira Delegada da Área de Cultura e Patrimonio. Así mesmo, do informe favorable nº 630/2014 de 15.10.14, da técnico de Intervención, conformado polo Interventor xeral municipal.

O informe-proposta, é do seguinte teor literal:

**"ANTECEDENTES:**

Primeiro: Con data 08/07/2014 celébrase a primeira Mesa de Contratación na que se acorda a exclusión da empresa CARPINTERIA METALICA DACRI, S.L., e dar traslado da documentación das ofertas admitidas ao Director Técnico da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible para a emisión do informe valorativo das mesmas.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGYI1LY	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 20-10-14 10:26

Segundo: Con data 17/09/2014 emítese o informe valorativo das ofertas elaborado pola Ponencia Técnica da Comisión Asesora do Plan Especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela e que literalmente indica:

**"OBXECTO**

O obxecto do presente informe é a valoración dos "Criterios de adxudicación **NON** avaliábles mediante cifras" no expediente para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación do **Deseño e subministro de mobiliario urbano para o ámbito do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da C/dade Histórica de Santiago de Compostela PE-1**, (Expte contratación: CON/105/2013) tal e como dispón o Procedemento de Adxudicación do correspondente **Prego de Condicións**.

No apartado 10 "Procedemtno de Adxudicación" do Prego de Condicións, describíense cales son estes "Criterios non avaliábles mediante cifras" que debe conter o **Sobre nº 2** das propostas:

1.-Orixinalidade do deseño, calidade, funcionalidade e integración do mobiliario no medio no que se vai implantar, axeitado ao establecido no prego de condicións técnicas, puntuando ata un máximo de 50 puntos a proposta mellor valorada.

2.-Adecuación dos deseños a criterios de respecto ao medio ambiente, sostibilidade e eficiencia en relación coa proximidade dos produtos empregados para a súa produción e co transporte, puntuando un máximo de 30 puntos. Valoraranse neste apartado:

- No caso de empregar madeira no mobiliario, a súa procedencia de bosques de xestión legal e sostible.
- A proximidade dos produtos empregados para o mobiliario proposto ao seu lugar de produción, transporte e colocación.
- A elaboración total ou parcial a partir de materiais reciclados ou renovables (como a madeira).
- A non utilización de substancias perigosas clasificadas como carcinóxicas, tóxicas para a produción, mutaxénicas, alerxénicas por inhalación ou perigosas para o medio nos produtos empregados para o revestimento de superficies.

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento CMGY11LY	Expediente	Fecha 20-10-14 10:26

- A garantía da posibilidade de separación e reciclaxe dos materiais e das pezas do mobiliario.

No mencionado Sobre nº 2 non se incluírá documentación que poida facer referencia, en ningún caso, ás condicións económicas do contrato ou o prazo de garantía que se ofrecen, que serán valoradas nunha posterior fase da licitación. O incumprimento deste requerimento será motivo de **exclusión** da licitación

Así mesmo, será motivo de **exclusión** da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non esté subscrita na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsanada coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre.

#### INFORME

Na sesión da Ponencia Técnica da Comisión Asesora da Cidade Histórica celebrada o martes día 2 de setembro, (con asistencia dos arquitectos D. Manuel Chaín Pérez, D. Xosé Allegue Fernández, D. Ricardo Sáez Díez e o técnico que subscribe), sometéronse a avaliación por parte un total de dúas propostas:

A).-Proposición presentada por "URBABIL" (CI Ugarte, pabellón 2-3 planta baja Gatika-Bizkaia).

B).-Proposición presentada por "GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L." (CI Sinaloa, nº 1-1 ° de León).

Polo que se refire á valoración do SOBRE Nº 2 Subtitulado: "Proposición relativa aos criterios de adxudicación NON avaliábles mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación de **Deseño e subministro de mobiliario urbano para o ámbito do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela**" (CON/105/2013)

fanse as seguintes consideracións:

A) Proposta de "URBABIL"

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento CMGY11LY	Expediente	Fecha 20-10-14 10:26

A proposta presentada por URBABIL configúrase a base de modelos de mobiliario xa existentes, extraídos de catálogos de empresas comercializadoras de mobiliario urbano.

Dita proposta, polo tanto, carece da necesaria orixinalidade do deseño, e tampouco resolve a integración do mobiliario no medio no que se vai implantar, xa que os modelos escollidos non gardan ningunha relación coa imaxe da cidade histórica.

Por outra parte, a selección dos elementos de mobiliario adolece de falta de homoxeneidade no deseño, o que acentúa a falta de calidade da proposta.

B).-Proposta de "GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L.

A proposta presentada por GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L. incorpora un estudo e análise da situación actual do mobiliario do ámbito da cidade histórica, e configúrase en base a unha serie de elementos cun deseño mais homoxéneo que no caso anterior.

Porén, considérase que a proposta presentada tampouco resolve axeitadamente a integración do mobiliario no medio no que se vai implantar, xa que se propón una solución única para todo o ámbito do plan especial, e non se fai diferencias entre as distintas áreas morfolóxicas nas que se diferencia a cidade histórica. Enténdese pois que a proposta presentada non é aceptable por carecer da flexibilidade necesaria para integrarse con éxito nas diferentes ordenanzas ou entornos urbanos do ámbito do plan especial.

**CONCLUSIÓN:**

Á vista do anteriormente exposto, os integrantes da Ponencia Técnica consideran que **ningunha das dúas propostas presentadas acada o nivel mínimo de calidade** para ser considerada admisible de acordo cos criterios do prego de condicións e coa normativa do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela (PE-1), polo que se **propón declarar deserta a licitación.** "

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento CMGY11LY	Expediente	Fecha 20-10-14 10:26

Terceiro: A vista do informe emitido convocase de novo a mesa de Contratación, para a súa celebración en data 24/09/2014, procedéndose ao análise do devandito informe, e de conformidade coas súas conclusión determina propoñer a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, **DECLARAR DESERTA ESTA LICITACIÓN**, xa que ningunha das dúas propostas admitidas acada o nivel mínimo de calidade para ser condiderada admisible de acordo cos criterios do prego de condicións e coa normativa do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela (PE-1). En consecuencia e conforme ao acordado coa Mesa de Contratación de data 24/09/2014 procede realizar a seguinte:

**PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

DECLARAR DESERTA ESTA LICITACIÓN, xa que ningunha das dúas propostas admitidas acada o nivel mínimo de calidade para ser condiderada admisible de acordo cos criterios do prego de condicións e coa normativa do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela (PE-1), anulando así mesmo o RC 2/201400046333, constituído ao efecto, por importe de 50.999,00 euros."

**Enteirados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

Declarar deserta a devandita licitación, xa que ningunha das dúas propostas admitidas acada o nivel mínimo de calidade para ser considerada admisible de conformidade cos criterios do prego de condicións e coa normativa do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela (PE-1), anulando así mesmo o RC 2/201400046333, constituído ao efecto, por importe de 50.999,00 euros.

**O CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

**Asdo: Manuel Martínez Varela**



555

